



AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, PROMOCIÓN INTERNA OEP 17-18-19. 3ª FASE

ANUNCIO SOBRE A APERTURA DO SOBRE DE CÓDIGOS IDENTIFICATIVOS, RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DO 1º EXERCICIO TEST (REALIZADO O 21/09/2023), NOVAS PUNTUACIÓNS E CONVOCATORIA PARA REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO

O órgano de selección, na sesión celebrada o día 28 de setembro de 2023, acordou:

PRIMEIRO.- APERTURA DO SOBRE QUE CONTÉN AS ETIQUETAS IDENTIFICATIVAS DAS ASPIRANTES DO PROCESO SELECTIVO

Non concorrendo aspirantes ao acto público, e en presenza dos membros do Tribunal anteriormente relacionados, a secretaria do Tribunal procede á apertura do sobre que contén as etiquetas identificativas, acordando a publicación do resultado que é o seguinte:

CÓDIGO	APELIDOS	NOME	DNI
62629	GONZÁLEZ SÁNCHEZ	I.	***5156**
62696	ESTÉVEZ FERNÁNDEZ	L.	***7595**
84252	RODRÍGUEZ PÉREZ	M.	***9954**

SEGUNDO.- ANÁLISE E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS FORMULADAS:

I.- Documento 230301640: Pregunta 5. Foi formulada nos seguintes termos:

"5.- El art. 31.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, establece que a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación de documentos en un registro electrónico un día inhábil:

- Se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día hábil.
- Se entenderá, en todo caso, realizada en la última hora del primer día hábil anterior.
- Se entenderá, en todo caso, realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente.
- Se entenderá realizada en la última hora del primer día hábil anterior salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2023 16:05	Páxina 1 de 2
41026-220	CSV: A1AH39-2H2AA7-2E3E8F-W9C5GW-1BLWJ1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A persoa recorrente solicita a anulación da pregunta alegando que, aínda que na plantilla de respostas, o tribunal indica que a resposta correcta é a a), todas as respostas son incorrectas xa que, o artigo 31.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu apartado b), dispón o seguinte:

“b) Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos por os interesados, a presentación en un día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.”

Procede estimar a alegación formulada e o órgano de selección acorda, por unanimidade, anular a pregunta 5 ao ser todas as respostas incorrectas tal e como sinala a recorrente na súa alegación.

TERCEIRO.- NOVAS PUNTUACIÓNS:

ID	Ben	Mal	Non Contestadas	Nota
62629	26	4	0	8.000
62696	21	7	2	5.833
84252	25	1	4	8.167

Contra a resolución das reclamacións presentadas e as novas puntuacións resultantes caberá interpoñer recurso de alzada (artigos 121-122 da Lei 39/2015), sen prexuízo de que as interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

CUARTO.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO:

Acórdase convocar para a realización do segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, ás aspirantes o LUNS 9 DE OUTUBRO DE 2023 ás 10:30 horas nas dependencias da OMIC sitas no segundo andar da Casa do Concello de Vigo, debendo acudir provistas do DNI e bolígrafo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección.- María Dolores Sotelo Gallego



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2023 16:05	Páxina 2 de 2
41026-220	CSV: A1AH39-2H2AA7-2E3E8F-W9C5GW-1BLWJ1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		